

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda os dous apartados seguintes:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (2 puntos)

1. Converso, 2. Decretos de Nova Planta, 3. Afrancesados, 4. Estatuto Real,
5. Unión Liberal, 6. Semana Tráxica, 7. Fronte Popular, 8. Contubernio de Múnic.

1.2. Desenvolva un dos catro temas: (3 puntos)

- 1.2.1. A nova monarquía dos Reis Católicos.
- 1.2.2. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos.
- 1.2.3. O reformismo borbónico en Galicia.
- 1.2.4. A Ilustración en España.

PREGUNTA 2. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a **crise da monarquía absoluta**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos aos efectos da Revolución Francesa sobre o reinado de Carlos IV, ás razóns e consecuencias da abdicación real e ás reaccións políticas derivadas da ocupación napoleónica. **(5 puntos)**

Doc. 1. Godoy narra nas súas *Memorias* as inxedanzas provocadas pola Revolución Francesa:

“O rei Carlos IV e María Luísa recibían cada día, como pode moi ben supoñerse, unha grande impresión, un choque moral con cada noticia nova do que acontecía en Francia: era a época das angustias, das desgrazas do rei Luís XVI, da raíña María Antonieta e da súa infortunada familia (...).

As alteracións de Francia eran cada día máis graves; o perigo de contaxio cada vez máis ameazador (...). O trono de Luís XVI acababa de afundirse; a república substituírao e non se falaba senón de revolucionar os Estados veciños, de levar a eles a propaganda e máis a guerra”.

Doc. 2. Abdicación de Carlos IV no seu fillo, Aranjuez, 19 de marzo de 1808:

“Como os achaques que padezo non me permiten soportar por máis tempo o grave peso do goberno dos meus reinos e éme preciso para reparar a miña saúde gozar en clima máis temperado da tranquilidade da vida privada, determinei, despois da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi caro fillo o Príncipe de Asturias. Polo tanto, é a miña real vontade que sexa recoñecido e obedecido como Rei e señor natural de todos os meus reinos e dominios. E para que este o meu real decreto de libre e espontánea abdicación teña o seu exacto e debido cumprimento, comunicareino ao Consello e demais a quen corresponda”.

Doc. 3. Proclama da Xunta Suprema do reino de Galicia, A Coruña, 5 de xuño de 1808:

“Galegos: chorastes a sorte do voso amable Fernando; arde nos vosos corazóns o horror á perfidia coa que foi seducido, temedes pola vosa sagrada relixión, (...) mirades xa na vosa imaxinación profanados os altares (...). Chegou o caso: o voso reino (...) resumiu a autoridade soberana, que en tales circunstancias lle compete por dereito, e fai dela o primeiro exercicio, condescendendo aos vosos desexos tan ruidosamente declarados. Tedes xa caudillo; tómanse as decisións máis vigorosas; correde pois ás armas, vamos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas (...).

Galegos de dez a corenta anos: alistádevos!, pois mellor é morrer pola vosa relixión e os vosos fogares e a vosa Patria, ca ir cegos ao matadoiro por satisfacer unha ambición desmesurada”.

PREGUNTA 3. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre o **movemento obreiro**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á expansión do movemento obreiro no Sexenio, á crecente influencia da AIT e aos principios defendidos por anarquistas e socialistas. **(5 puntos)**

Doc. 1. A AIT aos obreiros españois, Xenebra, 26 de decembro de 1868:

“Nas repúblicas como nas monarquías, a lei non se fixo ata aquí senón para a garantía e protección dos privilexios económicos e sociais dos que viven ás nosas expensas. Reivíndicade polo tanto as reformas que a revolución política por si soa é incapaz de producir para o ben do pobo, para o ben de todos.

O obreiro é escravo, non é nada; o obreiro debe ser libre, debe ser todo. E non pode ser libre, e non pode ser todo, sen a revolución social. Tedes en España feita esta revolución?

(...) Irmáns de España: os desherdados da sociedade actual teñen unha mesma causa que defender e comprendendo a necesidade de unirse fundaron en Europa e América, a través e a pesar das fronteiras creadas polos nosos opresores, a *Asociación Internacional de Traballadores*.

Doc. 2. Editorial publicada no semanario anarquista *Bandera Social*, Madrid, 15 de febreiro de 1885:

“Neste momento profesamos, enfronte do principio de autoridade representado polos gobernos políticos e igrexas relixiosas, o principio de Autarquía; enfronte do barullo e da falta de criterio económico, o Colectivismo; e en substitución dun sistema social que só recoñece como base administrativa a centralización e absorción dos naturais organismos sociais, a Federación.

(...) Creemos tamén que o elemento hoxe máis poderoso que pode conducirnos polo camiño da nosa emancipación económico-social é a Federación Rexional de Traballadores, e a ela achámonos individualmente adheridos e colectiva e moralmente consagrados”.

Doc. 3. Programa do PSOE aprobado no congreso de Barcelona, 1888:

“Considerando: que esta sociedade é inxusta porque divide aos seus membros en dúas clases desiguais e antagónicas; unha, a burguesía, que posuíndo os instrumentos do traballo, é a clase dominante, outra, o proletariado, que non posuíndo máis que a súa forza vital, é a clase dominada. (...) O Partido Socialista declara que ten por ASPIRACIÓN:

1º. A posesión do poder político pola clase traballadora.

2º. A transformación da propiedade individual ou corporativa dos instrumentos de traballo en propiedade común da nación.

3º. A constitución da sociedade sobre a base da federación económica”.

PREGUNTA 4. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre **as principais reformas da II República**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas e efectos das reformas agraria, relixiosa e a política de promoción cultural. **(5 puntos)**

Doc. 1. Lei de Bases da Reforma Agraria. *Gaceta de Madrid*, 21 de setembro de 1932:

“Base 3ª. A execución desta Lei quedará encomendada ao Instituto de Reforma Agraria, como órgano encargado de transformar a constitución rural española.

Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos.

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa.

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

Doc. 2. Lei de Confesións e Congregacións relixiosas. *Gaceta de Madrid*, 3 de xuño de 1933:

“Art. 2. De acordo coa Constitución, a liberdade de conciencia, a práctica e a abstención de actividades relixiosas quedan garantidas en España.

Ningún privilexio nin restrición dos dereitos poderá fundarse na condición nin nas crenzas relixiosas.

Art. 3. O Estado non ten relixión oficial. Todas as Confesións poderán exercer libremente o culto dentro dos seus templos.

Art. 11. Pertencen á propiedade pública nacional os templos de toda clase e os seus edificios anexos.

Doc. 3. Informe sobre as Misións Pedagóxicas.

O equipo misionero leva, como elementos materiais de traballo, un proxector cinematográfico (...) cunha selecta selección de películas educativas e de recreo: documentais de aspectos, usos e costumes nacionais e de países afastados, industrias, grandes cidades e pobos salvaxes, arte, paisaxe e curiosidades de España e outros pobos (...), etc.; bibliotecas para as escolas da comarca visitada, e gramófonos e seleccións de discos, dos que serve na actuación, que deixan así mesmo aos mestres para que poidan continuar con estes elementos a obra que se inicia.

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda a los dos apartados siguientes:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (2 puntos)

1. Converso, 2. Decretos de Nueva Planta, 3. Afrancesados, 4. Estatuto Real, 5. Unión Liberal, 6. Semana Trágica, 7. Frente Popular, 8. Contubernio de Múnich.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas: (3 puntos)

- 1.2.1. La nueva monarquía de los Reyes Católicos.
- 1.2.2. La crisis del siglo XVII: aspectos socioeconómicos y políticos.
- 1.2.3. El reformismo borbónico en Galicia.
- 1.2.4. La Ilustración en España.

PREGUNTA 2. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la **crisis de la monarquía absoluta**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a los efectos de la Revolución Francesa sobre el reinado de Carlos IV, las razones y consecuencias de la abdicación real y las reacciones políticas derivadas de la ocupación napoleónica. **(5 puntos)**

Doc. 1. Godoy narra en sus *Memorias* las inquietudes provocadas por la Revolución Francesa:

“El rey Carlos IV y María Luisa recibían cada día, como puede muy bien suponerse, una grande impresión, un choque moral con cada noticia nueva del que acontecía en Francia: era la época de las angustias, de las desgracias del rey Luis XVI, de la reina María Antonieta y de su infortunada familia (...).

Las alteraciones de Francia eran cada día más graves; el peligro de contagio cada vez más amenazador (...). El trono de Luis XVI acababa de hundirse; la república lo había sustituido y no se hablaba sino de revolucionar los Estados vecinos, de llevar a ellos la propaganda y más la guerra”.

Doc. 2. Abdicación de Carlos IV en su hijo, Aranjuez, 19 de marzo de 1808:

“Como los achaques que padezco no me permiten soportar por más tiempo el grave peso del gobierno de mis reinos, y me es preciso para reparar mi salud disfrutar en clima más atemperado de la tranquilidad de la vida privada, determiné después de la más seria deliberación, abdicar mi corona en mi heredero y muy caro hijo el Príncipe de Asturias. Por lo tanto es mi real voluntad que sea reconocido y obedecido como Rey y señor natural de todos mis reinos y dominios. Y para que este mi real decreto de libre y espontánea abdicación tenga el su exacto y debido cumplimiento, lo comunicaré al Consejo y demás a quién corresponda”.

Doc. 3. Manifiesto de la Junta Supremo del reino de Galicia, A Coruña, 5 de junio de 1808:

“Gallegos: llorasteis la suerte de vuestro amable Fernando; arde en vuestros corazones el horror a la perfidia con la que fue seducido, teméis por vuestra sagrada religión, (...) miráis ya en vuestra imaginación profanados los altares (...). Llegó el caso: vuestro reino (...) resumió la autoridad soberana, que en tales circunstancias le compete por derecho, y hace de ella el primer ejercicio, condescendiendo a vuestros deseos tan ruidosamente declarados. Tenéis ya caudillo; se toman las decisiones más vigorosas; corred pues a las armas, vamos a defender la causa de Dios, el honor de nuestra Patria, nuestras vidas y haciendas (...).

Gallegos de diez a cuarenta años: ¡alistas!, pues mejor es morir por vuestra religión y vuestros hogares y vuestra Patria, que ir ciegos al matadero por satisfacer una ambición desmesurada”.

PREGUNTA 3. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre el **movimiento obrero**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la expansión del movimiento obrero en el Sexenio, la creciente influencia de la AIT y los principios defendidos por anarquistas y socialistas. **(5 puntos)**

Doc. 1. La AIT a los obreros españoles, Ginebra, 26 de diciembre de 1868:

“En las repúblicas como en las monarquías, la ley no se hizo hasta aquí sino para la garantía y protección de los privilegios económicos y sociales de los que viven a nuestras expensas. Reivindicad por tanto las reformas que la revolución política por sí sola es incapaz de producir para el bien del pueblo, para el bien de todos.

El obrero es esclavo, no es nada; el obrero debe ser libre, debe ser todo. Y no puede ser libre, y no puede ser todo, sin la revolución social. ¿Tenéis en España hecha esta revolución?

(...) Hermanos de España: Los desheredados de la sociedad actual tienen una misma causa que defender y comprendiendo la necesidad de unirse fundaron en Europa y América, a través y a pesar de las fronteras creadas por nuestros opresores, la *Asociación Internacional de Trabajadores*.

Doc. 2. Editorial publicada en el semanario anarquista *Bandera Social*, Madrid, 15 de febrero de 1885:

“En este momento profesamos, enfrente del principio de autoridad representado por los gobiernos políticos e iglesias religiosas, el principio de Autarquía; enfrente del barullo y de falta de criterio económico, el Colectivismo; y en substitución de un sistema social que sólo reconoce como base administrativa la centralización y absorción de los naturales organismos sociales, la Federación.

(...) Creemos también que el elemento hoy más poderoso que puede conducirnos por el camino de nuestra emancipación económico-social es la Federación Regional de Trabajadores, y a ella nos hallamos individualmente adheridos y colectiva y moralmente consagrados”.

Doc. 3. Programa del PSOE aprobado en el congreso de Barcelona, 1888:

“Considerando: Que esta sociedad es injusta porque divide a sus miembros en dos clases desiguales y antagónicas; una, la burguesía, que poseyendo los instrumentos de trabajo, es la clase dominante, otra, el proletariado, que no poseyendo más que su fuerza vital, es la clase dominada. (...). El Partido Socialista declara que tiene por ASPIRACIÓN:

1º. La posesión del poder político por la clase trabajadora.

2º. La transformación de la propiedad individual o corporativa de los instrumentos de trabajo en propiedad común de la nación.

3º. La constitución de la sociedad sobre la base de la federación económica”.

PREGUNTA 4. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre **las principales reformas de la II República**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las causas y efectos de las reformas agraria, religiosa y la política de promoción cultural. **(5 puntos)**

Doc. 1. Ley de Bases de la Reforma Agraria. *Gaceta de Madrid*, 21 de setiembre de 1932:

“Base 3ª. La ejecución de esta Ley quedará encomendada al Instituto de Reforma Agraria, como órgano encargado de transformar la constitución rural española.

Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación las tierras incluidas en los siguientes apartados:

1º. Las ofrecidas voluntariamente por sus dueños.

4º. Las fincas rústicas de Corporaciones, fundaciones y establecimientos públicos que las exploten en régimen de arrendamiento, aparcería o cualquier otra forma que no sea explotación directa.

5º. Las que por las circunstancias de su adquisición, por no ser explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que fueron compradas con fines de especulación o con el único objeto de percibir su renta”.

Doc. 2. Ley de Confesiones y Congregaciones religiosas. *Gaceta de Madrid*, 3 de junio de 1933:

“Art. 2. De acuerdo con la Constitución, la libertad de conciencia, la práctica y la abstención de actividades religiosas quedan garantizadas en España.

Ningún privilegio ni restricción de los derechos podrá fundarse en la condición ni en las creencias religiosas.

Art. 3. El Estado no tiene religión oficial. Todas las Confesiones podrán ejercer libremente el culto dentro de sus templos.

Art. 11. Pertenecen a la propiedad pública nacional los templos de toda clase y sus edificios anexos”.

Doc. 3. Informe sobre las Misiones Pedagógicas.

El equipo misionero lleva, como elementos materiales de trabajo, un proyector cinematográfico (...) con una selecta selección de películas educativas y de recreo: documentales de aspectos, usos y costumbres nacionales y de países alejados, industrias, grandes ciudades y pueblos salvajes, arte, paisaje y curiosidades de España y otros pueblos (...), etc.; bibliotecas para las escuelas de la comarca visitada, y gramófonos y selecciones de discos, de los que sirve en la actuación, que dejan asimismo al os maestros para que puedan continuar con estos elementos la obra que se inicia”.

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo Converso (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente (especialmente o cristianismo) á que profesaba anteriormente Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Moitas das conversións ao cristianismo non foro por convicción senón para evitar persecucións. -Moitos conversos seguiron practicando os seus cultos en segredo. -O incremento do número de conversos aumentou o odio popular contra eles. -Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Aplícase esencialmente aos musulmáns e xudeus que se converteron ao cristianismo nos séculos XVI e XVII. -Moitos destes novos cristiáns foron vítima do tribunal da Inquisición. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Decretos de Nova Planta (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Conxunto de decretos promulgados por Filipe V. -Decretos datados na primeira década do século XVIII. -Aboliron os privilexios e institucións da Coroa de Aragón. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións

(entre 0,35 e 0,44)	<p>adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Decretos promulgados a raíz da Guerra de Sucesión (1702-1714). -Supuxeron a imposición da organización político-administrativa e as leis de Castela e o uso do castelán como lingua administrativa. -Xustificáronse polo apoio de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña ó pretendente Carlos de Austria. -Supuxeron un avance cara a una centralización política. <p>Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Feron promulgados entre 1707 e 1716. -Navarra e as Provincias Vascas conservaron os seus foros pola súa fidelidade a Felipe V. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Afrancesados** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta.</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Espanois que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte. -Eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencentes ás elites sociopolíticas e culturais do país. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (entre 0,35 e 0,44)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. -A derrota e retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia. <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -O termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición como colaboracionistas cos invasores. -Algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo Estatuto Real (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Carta outorgada por María Cristina de Borbón. -Datada na terceira década do século XIX, durante a rexencia provocada pola minoría de idade de Sabela II. -Tratábase, en realidade, dunha convocatoria a Cortes. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Datada na época da rexencia (1833-1840). -Impuxo un réxime no que o rei mantiña importantes cotas de poder. -Foi redactado a instancias de Martínez de la Rosa, liberal de signo moi moderado. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Promulgouse en 1834 e estivo en vigor ata 1836. -O seu carácter conservador provocou o rexeitamento da maior parte dos liberais. -Non satisfizo os absolutistas, que seguiron apoiando o carlismo. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Unión Liberal (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Partido político fundado polo xeneral O'Donnell durante o reinado de Sabela II como unha opción “de centro” entre os liberais moderados e os progresistas. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Xurdiu durante o bienio progresista (1854-1856). -Aglutinou ao sector máis conservador do Partido Progresista e ao máis progresista do Partido Moderado. -Sen un programa definido, os seus principais obxectivos eran manter a monarquía constitucional, a orde social e a estabilidade política. -Defendía unha soberanía compartida entre a raíña e as Cortes. -Estaba apoiada polos sectores máis acomodados da sociedade.

	Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Nas eleccións a Cortes de 1858 a Unión Liberal obtivo a maioría absoluta e O'Donnell iniciou un goberno longo, a etapa de maior estabilidade política do reinado de Sabela II. -A Unión Liberal desenvolveu unha serie de medidas (expansión do ferrocarril, desamortización civil, obras públicas) que favoreceron a modernización e a expansión económica. -A Unión Liberal participou no movemento que promoverá a caída da raíña Sabela II en 1868. -A Unión Liberal formou, xunto co Partido Moderado, o Partido Liberal Conservador en 1874, baixo o liderado de Antonio Cánovas del Castillo. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Semana Tráxica** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta.</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Revolta popular sucedida en xullo de 1909 en Barcelona, debido á decisión de enviar tropas de reservistas á guerra de Marrocos. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (entre 0,35 e 0,44)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <ul style="list-style-type: none"> -O envío das tropas foi consecuencia da guerra que enfrontou ás tropas españolas coas cabilas rifeñas nas proximidades de Melilla. -Os mobilizados pertencían ás clases populares, que non podían costear substitutos nin pagar pola súa exención, e moitos estaban casados. -A revolta aglutinou elementos do movemento obreiro, do nacionalismo periférico e do republicanismo. -A semana de revoltas xerou numerosos enfrontamentos coas forzas da orde e episodios de anticlericalismo. <p>Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -As revoltas remataron con máis de 100 mortos e moitos edificios destruídos; non só en Barcelona senón tamén noutras localidades catalás. -Da folga pasouse á insurrección, ao levantamento de barricadas e á queima de numerosos edificios relixiosos. -O movemento rematou cunha brutal represión e os fusilamentos de Montjuic onde foi executado Ferrer i Guardia. -Este episodio acabaría provocando a caída do goberno conservador de Antonio Maura. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p>

	Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	--

Definición do termo **Fronte Popular** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Coalición política de esquerdas que gaña as eleccións de 1936. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Trátase dunha coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas. -Gañaron as eleccións pero o seu goberno foi moi breve, dado que en xullo tivo lugar un golpe de Estado que daría orixe á Guerra Civil. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): - A coalición formouse para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936. - Aspiraban a impulsar as reformas emprendidas no Bienio Reformista. -O seu programa avogaba pola amnistía aos represaliados da revolución de 1934. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Contubernio de Múnic** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Participación de disidentes e opositores ó franquismo nun congreso europeísta organizado en Múnic. -Tivo lugar durante a etapa final da ditadura, que calificouno así de maneira sarcástica. -Demandaba a instauración dun réxime democrático en España. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Congreso celebrado en Múnic en 1962. -Nel participaron políticos de diversas tendencias: monárquicos, demócratas, liberais, republicanos ou socialistas.

	-Solicitaban o recoñecemento das liberdades individuais e políticas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Tivo lugar despois do intento fracasado de ingreso de España na CEE. - Participaron un centenar de representantes españois. -Conlevou unha severa represión tras o seu regreso ó país. - Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. - Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: A nova monarquía dos Reis Católicos (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A unión dinástica das Coroas de Castela e Aragón a través do matrimonio de Sabela de Castela e Fernando de Aragón. -A reorganización político-administrativa a través de novas institucións. -O sometemento da nobreza. -A política relixiosa. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos

(ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta.

	Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A crise demográfica e económica: principais evidencias e causas explicativas. -A postura dos privilexiados respecto da crise. -Obxectivos do programa político de Olivares e principais reformas propostas: a Unión de Armas. -A crise da monarquía (revolta de Cataluña e rebelión de Portugal). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: O reformismo borbónico en Galicia (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A importancia estratéxica de Galicia no século XVIII desde o punto de vista militar e comercial. -A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar. -A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns. -As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servizo de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:

(entre 2,1 e 2,6)	-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: A Ilustración en España (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Facer referencia ás ideas básicas da Ilustración. -Indicar as características propias da Ilustración española (figuras destacadas e mecanismos de difusión). -Facer referencia ao Despotismo Ilustrado en España (Carlos III). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: A crise da monarquía absoluta (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco A resposta é unha paráfrase dos documentos A resposta contén xeneralidades sobre a época
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas,

	frases incoherentes ou mal articuladas
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sinalar de forma xenérica as causas da crise da monarquía absoluta no reinado de Carlos IV. -Indicar o impacto que tivo a Revolución Francesa en España. -Facer referencia á entrada das tropas francesas na Península, ó estalido do Motín de Aranjuez e a abdicación do rei como consecuencia do mesmo. -Sinalar os principais efectos da ocupación napoleónica no goberno do país. <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Indicar algúns dos principais problemas económicos, políticos e sociais do reinado de Carlos IV. -Referir algunhas das consecuencias da Revolución Francesa en España (medidas adoptadas para frear a penetración das ideas revolucionarias e/ou cambios na política internacional española). -Explicar o tratado de Fontainebleau e as súas consecuencias militares e políticas. -Clarificar as sucesivas abdicacións de Fernando VII e Carlos IV en favor de Napoleón e as consecuencias do seu exilio en Baiona. -Explicar o xurdimento das Xuntas de goberno e o levantamento contra os franceses. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilízase o documento 1 para subliñar o impacto que tivo nos Borbóns españois a execución polos revolucionarios franceses do rei Luís XVI. -Coméntanse as razóns utilizadas por Carlos IV para xustificar a súa abdicación (doc. 2). -Coméntanse os obxectivos da Xunta empregando o doc.3 (defensa de Fernando VII, da relixión, organización da loita...) <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Explicar algunha das medidas adoptadas no reinado de Carlos IV en materia económica (incremento de impostos, desamortización de Godoy...). -Incidir na acumulación de poder de Godoy e nas oposicións que suscitou (Partido Fernandino, Proceso do Escorial...). -Explicar as medidas políticas tomadas por Carlos IV como consecuencia do estoupido da Revolución Francesa (peche de fronteiras para evitar a difusión das ideas revolucionarias, ruptura dos Pactos de Familia, suspensión das medidas, guerra contra Francia e Paz de Basilea...). -Nomear algún dos obxectivos ou medidas do goberno de Xosé I. -Explicar o posicionamento da sociedade española fronte á invasión francesa: afrancesados e patriotas (diferenciando entre absolutistas, liberais e

	<p>ilustrados) e os grupos que constituían cada unha desta división, así como as súas reivindicacións.</p> <p>-Referirse a algunha das características da guerra (recurso ás guerrillas, formación de Xuntas, elevado custo económico, apoio británico...).</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións):</p> <p>-Utilízase o documento 1 para incidir nos temores de contaxio da ideoloxía revolucionaria que tiña a monarquía española.</p> <p>-Faise referencia a contraposición entre a presentación da abdicación como froito da “espontánea” vontade do rei e a realidade (esixencias dos amotinados en Aranjuez) (doc. 2).</p> <p>-Afóndase no papel das Xuntas como depositarias da soberanía ante o baleiro de poder facendo unha referencia explícita ao contido do doc. 3.</p> <p>-Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
--	--

Composición histórica: O movemento obreiro (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto.</p> <p>-Contextualizar o desenvolvemento do movemento obreiro en España durante o Sexenio Democrático.</p> <p>-Referencia xenérica aos factores que permitiron a expansión do movemento obreiro neste período: a AIT e o dereito de asociación recoñecido na constitución de 1869.</p> <p>-Explicación básica dos principios esenciais defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista/socialista facendo referencia aos seus obxectivos e aos medios empregados para a súa consecución.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións):</p> <p>-Refírense as primeiras manifestacións do movemento obreiro anteriores a 1868 (ludismo, Sociedades de Socorros Mutuos, folgas) insistindo no seu carácter espontáneo e na súa escasa organización e repercusión en comparación coas organizacións obreiras do último terzo do s. XIX.</p>

	<p>-Analízase o proceso de implantación de ideoloxías obreiras en España: desencanto dos obreiros cos partidos tradicionais, personalidades difusoras, zonas de maior arraigo de cada ideoloxía e cítanse as principais organizacións obreiras anarquistas e socialistas.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):</p> <p>-Utilízase o doc. 1 para sinalar as vinculacións existentes entre a AIT e os primeiros núcleos do movemento obreiro en España.</p> <p>-Sinálanse os principios fundamentais da ideoloxía anarquista partindo do doc. 2. (Aclaración: Advertido un erro na liña 2 onde di “Autarquía” no canto de “Anarquía”. Non se penalizará ao alumnado que empregue dito termo).</p> <p>-Referirse aos principios fundamentais do pensamento socialista utilizando o doc. 3.</p> <p>-Redacción: correcta e texto coherente</p>
<p>Sobresaliente (entre 4,5 e 5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <p>-Analizar as distintas tendencias que coexistiron dentro do anarquismo no último terzo do s. XIX en España (anarquismo puro, anarco-sindicalismo e anarco-comunismo).</p> <p>-Facer fincapé na orientación anarquista da difusión da I Internacional en España, o que explica a identificación da FRE con dito ideario e o maior espallamento e arraigo das ideas anarquistas fronte as socialistas.</p> <p>-Referir a evolución do movemento obreiro no último terzo do s. XIX: momento álxido durante a Primeira República intimamente relacionado co cantonalismo, e represión durante a Restauración polo temor que a FRE-AIT xerou nos empresarios e nos políticos moderados (disolución e clandestinidade das organizacións obreiras).</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):</p> <p>-Úsase o doc. 1 para incidir na necesidade de impulsar a revolución social por parte dos obreiros, ante a crenza de que as reformas políticas só benefician as clases superiores//Salientar o aproveitamento do movemento revolucionario da Setembrina que fixeron algúns persoeiros internacionalistas para espallar os seus ideais entre o obreirismo español.</p> <p>-Emprégase o doc. 2 para incidir na adhesión á FRT como medio para o espallamento do movemento anarquista//Refírese o amplo uso que o anarquismo fixo da prensa para a defensa das súas ideas.</p> <p>-Relacionar o contido do doc. 3 cos principios do marxismo (loita de clases, ditadura do proletariado, nacionalización dos medios de produción)// Asociar a redacción do programa do PSOE coas reformas liberais do goberno de Sagasta.</p> <p>-Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>

Composición histórica: As principais reformas da II República (ata 5 puntos)

<p>Moi deficiente (entre 0 e 1,4)</p>	<p>Resposta en branco A resposta é unha paráfrase dos documentos A resposta contén xeneralidades sobre a época</p>
<p>Deficiente (entre 1,5 e 2)</p>	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
<p>Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)</p>	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
<p>Aprobado (entre 2,5 e 3,4)</p>	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto: -Contextualización política e cronolóxica básica das reformas. -Referencia xenérica ás motivacións do programa reformista. -Reformas levadas a cabo, indicadas brevemente: militar, educativa, agraria, relixiosa... -Referencia xenérica aos resultados obtidos (efectos limitados e oposición xerada polo programa reformista). Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.</p>
<p>Notable (entre 3,5 e 4,4)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións): -O contexto das reformas: sinalar a importancia da etapa do Goberno Provisional como punto de partida das mesmas, incidir no proceso que conduciu ao Bienio Reformista (aprobación da Constitución de 1931, encargo do goberno a Manuel Azaña e alianza dos republicanos de esquerda e os socialistas). -Afondar nas medidas reflectidas nos documentos propostos: reforma agraria, relixiosa e educativa. -Expór as circunstancias que facían necesarias ditas reformas. -Comentar outras medidas concretas levadas a cabo en relación coas mesmas. -Sinalar os seus efectos sociais, políticos, económicos... Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións): -Utilízase o documento 1 para referirse ao proceso de expropiación de terras que constituía a base da reforma agraria e aos seus obxectivos. -Faise referencia aos principios que presidiron a reforma relixiosa: laicismo e liberdade de conciencia partindo do doc.2. -Utilízase o doc, 3 para facer referencia aos obxectivos e medios de difusión do programa das Misións Pedagóxicas. Redacción: correcta e texto coherente</p>

Sobresaliente
(entre 4,5 e 5)

Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)

-Referir a evolución das reformas ao longo da República.

-Facer fincapé nos apoios e rexeitamentos que tiveron estas reformas, as cales contribuíron a crear as “dúas España” que se enfrontarán na guerra civil.

-Explicar a “mala xestión” da reforma agraria (protestas, levantamentos...) por parte do goberno de Azaña, que acabaría por custarlle o posto nas eleccións de 1933.

-Facer referencia a outras reformas da República non recollidas nos documentos: reforma militar, territorial e laboral.

Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):

-Afóndase no tipo de propiedades as que afecta esta lei partindo do doc. 1.

-Utilízase o doc. 2 para incidir no obxectivo de limitar a posesión de bens á Igrexa católica que inspirou a Lei de Congregacións relixiosas.

-Emprégase o doc. 3 para salientar o feito de que fosen os mestres os continuadores do labor iniciado polas Misións Pedagóxicas.

-Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.

Convocatoria extraordinaria 2024
HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda os dous apartados seguintes:**1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (2 puntos)**

1. Gran Armada, 2. Antigo Réxime, 3. Afrancesados, 4. Cantonalismo,
5. Sistema de quenda, 6. Directorio Militar, 7. Fronte Popular, 8. Sindicato Vertical.

1.2. Desenvolva un dos catro temas: (3 puntos)

- 1.2.1. A configuración do imperio español no século XVI.
- 1.2.2. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos.
- 1.2.3. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
- 1.2.4. O reformismo borbónico en Galicia.

PREGUNTA 2. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a **restauración de Fernando VII**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á política seguida polo monarca tras o seu retorno a España, á delimitación temporal e ás características principais das etapas do seu reinado. **(5 puntos)**

Doc. 1. O xornal *La Atalaya* describe o sucedido en Burgos tras anularse a Constitución, 18/05/1814:

“Xa non podemos ver máis ca felicidades cun Rei tan Santo: en nada cremos que vai desmerecer a San Fernando (...). Xunto o pobo coa tropa, e a cousa das dez da mañá, arrincáronse do Consistorio as letras douradas que dicían: *Praza da Constitución*, fíxose unha fogueira e lanzáronse ás chamas coa mesma Constitución e outros papeis dos liberais, cunha xeral aclamación (...). O pobo, xunto coa tropa, comezaron coa maior orde a prender a varios suxeitos (...). Sacouse en público o estandarte da Santa Inquisición e nada sucedeu en desgraza”.

Doc. 2. Informe remitido ao ministro da Guerra desde Cádiz, *Gaceta de Madrid*, 21/3/1820:

“Excmo. Sr. Todo o día de hoxe ocupeime en tranquilizar os ánimos exaltados da tropa e parte da oficialidade, que dubidan moito da certeza dos Reais decretos de 6 e 7 do actual (...) relativos á reunión de Cortes o primeiro, e decidirse a xurar o Rei o noso Señor a Constitución política da Monarquía no segundo, recibindo esta tarde outros tres, e entre eles un polo que A súa Maxestade concede amnistía xeral por razón de opinión.

(...) A gornición da praza de Cádiz queda decatada das disposicións da súa Maxestade, manifestadas nos citados Reais decretos, (...) e parece estar resolta a obedecelas con toda a submisión que merecen (...). Aínda non escribín a Quiroga nin a Riego o contido dos decretos citados (...) e do resultado darei conta a V.Ex. para o seu goberno e coñecemento da súa Maxestade”.

Doc. 3. O xornal *El Restaurador* valora a presenza do exército francés en España, 1/07/ 1823:

“O mundo ve con asombro un exército francés que atravesaba a España entre as aclamacións do máis vivo entusiasmo, e que en dous meses dunha marcha triunfal (...) corre desde o Bidasoa ao Manzanares e do Manzanares ao Guadalete para devolverlles aos españois o seu Rei, destronado, aprisionado e cativo por unha minguada facción de españois, reintegrado no goce dos seus antigos sagrados dereitos (...). Os pobos atónitos e desafoando a súa dor co berro nacional de *viva Fernando!*”

PREGUNTA 3. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre o **establecemento da II República**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás circunstancias que provocaron a caída da monarquía, aos principais obxectivos dos republicanos e ás características máis destacadas da Constitución de 1931. **(5 puntos)**

Doc. 1. O republicano Diego Martínez Barrio refírese nas súas *Memorias* ao final da monarquía:

“O conde de Romanones chamou ao seu domicilio ao vizconde de Casa Aguilar e (...) pediulle que fose canto antes a Palacio e lle dixese ao rei que só quedaba unha solución ao seu xuízo: a súa inmediata saída de España (...). E entón o conde ditoulle a nota seguinte: Os sucesos desta madrugada fai temer [aos ministros] que a

actitude dos republicanos poida atopar adhesións de elementos do Exército e forza pública que se neguen en momentos de revolta a empregar as armas contra os perturbadores (...). Para evitalo podería A vosa Maxestade reunir hoxe o Consello para que cada cal teña a responsabilidade dos seus actos e el mesmo reciba a renuncia do Rei para facer a transmisión de poderes. Así se faría posible, no seu día, a pronta volta a España do Rei polo clamoroso chamamento de todos”.

Doc. 2. Discurso de Manuel Azaña na praza de touros de Madrid, 29 de setembro de 1930:

“A República non será o réxime dun partido, é certo; será réxime nacional, neste sentido: que, respectuosa cos Estatutos rexionais que as Cortes sancionen para regular as autonomías locais, amparará co poder do Estado os dereitos de todos. Todos cabemos na República, a ninguén se proscribe polas súas ideas; pero a República será republicana, é dicir, pensada e gobernada polos republicanos, novos ou vellos, que todos admiten a doutrina que funda o Estado na liberdade de conciencia, na igualdade ante a lei, na discusión libre, no predominio da vontade da maioría, libremente expresada. A República será democrática ou non será”.

Doc. 3. Constitución de 1931. Título IV. As Cortes.

“Art. 51. A potestade legislativa reside no pobo, que a exerce por medio das Cortes ou Congreso dos Deputados.

Art. 52. O Congreso dos Deputados componse dos representantes elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto.

Art. 53. Serán elixibles para Deputados todos os cidadáns da República maiores de vinte e tres anos, sen distinción de sexo nin de estado civil, que reúnen as condicións fixadas pola lei electoral.

Art. 61. O Congreso poderá autorizar ao Goberno para que este lexisle por decreto, acordado en Consello de Ministros (...). Estas autorizacións non poderán ter carácter xeral.

PREGUNTA 4. Elabore unha composición histórica a partir dos textos propostos.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre **a política económica do franquismo**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características da etapa autárquica, aos impulsos que favoreceron a liberalización económica e aos efectos do “desenvolvemento”. **(5 puntos)**

Doc. 1. Preámbulo á lei de creación do I.N.I., 25/09/1941:

“A necesidade de vigorizar a nosa economía, fortemente afectada por unha balanza de pagamentos tradicionalmente adversa, inspirou a política do Estado de fomento das industrias de interese nacional (...). Os imperativos da defensa nacional esixen, por outra banda, a creación de novas industrias e a multiplicación das existentes, que permitan apoiar os nosos valores raciais co apoio indispensable dunha potente industria (...). Xorde, pois, a necesidade dun organismo que, dotado de capacidade económica e personalidade xurídica, poida dar forma e realización aos grandes programas de rexurdimento industrial da nosa Nación”.

Doc. 2. O xornal ABC anuncia o Plan de Desenvolvemento 1964-1967, Madrid, 20/10/1963.

“Os INVESTIMENTOS PÚBLICOS DURANTE O CUADRIENIO ASCENDERÁN A 335.000 MILLÓNS DE PESETAS.

Crearanse novos postos de estudo, aumentará a produción agrícola e industrial, mellorarán os transportes, construíranse vivendas, ampliaranse as telecomunicacións e intensificarase a asistencia social.

O PLAN FAVORECERÁ UN RÁPIDO DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

Obxectivos: Aumentar a renda nacional, producir en mellores condicións, pleno emprego, modificar estruturas, incrementar os investimentos e as exportacións, promover un mercado competitivo, perfeccionar o sistema financeiro, racionalizar a administración e integración na economía mundial”.

Doc. 3. Incrementos de produción de produtos metálicos (1960-1973):

Produtos	1960	1973	
	(en miles)	(en miles)	Cambio porcentual
Buques, toneladas métricas botadas	158	1.596	910
Automóviles	40	704	1.660
Neveiras	29	950	3.175
Lavadoras	77	850	1.003
Receptores de televisión	39	680	1.643

Fonte: Baklanoff, Eric., *La transformación económica de España y Portugal (la economía del franquismo y del salazarismo)*, Madrid, Espasa-Calpe, 1980, p. 92.

Convocatoria extraordinaria 2024
HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda a los dos apartados siguientes:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (2 puntos)

1. Gran Armada, 2. Antiguo Régimen, 3. Afrancesados, 4. Cantonalismo,
5. Sistema de turno, 6. Directorio Militar, 7. Frente Popular, 8. Sindicato Vertical.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas: (3 puntos)

- 1.2.1. La configuración del imperio español en el siglo XVI.
- 1.2.2. La crisis del siglo XVII: aspectos socioeconómicos y políticos.
- 1.2.3. Los Decretos de Nueva Planta y sus efectos.
- 1.2.4. El reformismo borbónico en Galicia.

PREGUNTA 2. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la **restauración de Fernando VII**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la política seguida por el monarca tras su retorno a España, la delimitación temporal y las características principales de las etapas de su reinado. **(5 puntos)**

Doc. 1. El periódico *La Atalaya* describe lo sucedido en Burgos tras anularse la Constitución, 18/05/1814:

“Ya no podemos ver más que felicidades con un Rey tan Santo: en nada creemos que va a desmerecer a San Fernando (...). Junto el pueblo con la tropa, y a cosa de las diez de la mañana se arrancaron del Ayuntamiento las letras doradas que decían: *Plaza de la Constitución*, se hizo una hoguera y se lanzaron a las llamas con la misma Constitución y otros papeles de los liberales, con una general aclamación (...). El pueblo, junto con la tropa, comenzaron con el mayor orden a prender a varios sujetos (...). Se sacó en público el estandarte de la Santa Inquisición y nada sucedió en desgracia”.

Doc. 2.: Informe remitido al ministro de la Guerra desde Cádiz, *Gaceta de Madrid*, 21/ 3/ 1820:

“Excmo. Sr. Todo el día de hoy me ocupé en tranquilizar los ánimos exaltados de la tropa y parte de la oficialidad, que dudan mucho de la certeza de los Reales decretos de 6 y 7 del actual (...) relativos a la reunión de Cortes el primero, y decidirse a jurar el Rey nuestro Señor la Constitución política de la Monarquía en el segundo, recibiendo esta tarde otros tres, y entre ellos uno por el que Su Majestad concede amnistía general por razón de opinión.

(...) La guarnición de la plaza de Cádiz queda enterada de las disposiciones de Su Majestad, manifestadas en los citados Reales decretos, (...) y parece estar resuelta a obedecerlas con toda la sumisión que merecen (...). Aún no escribí a Quiroga ni a Riego el contenido de los decretos citados (...) y del resultado daré cuenta a V.Ex. para su gobierno y conocimiento de Su Majestad”.

Doc. 3. El periódico *El Restaurador* valora la presencia del ejército francés en España, 1/07/1823:

“El mundo ve con asombro un ejército francés que atraviesa España entre las aclamaciones del más vivo entusiasmo, y que en dos meses de una marcha triunfal (...) corre desde el Bidasoa al Manzanares y del Manzanares al Guadalete para devolver a los españoles su Rey, destronado, aprisionado y cautivo por una menguada facción de españoles, reintegrado en el goce de sus antiguos sagrados derechos (...). Los pueblos atónitos y desahogando su dolor con el grito nacional de *¡Viva Fernando!*”.

PREGUNTA 3. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre el **establecimiento de la II República**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las circunstancias que provocaron la caída de la monarquía, los principales objetivos de los republicanos y las características más destacadas de la Constitución de 1931. **(5 puntos)**

Doc. 1. El republicano Diego Martínez Barrio se refiere en sus *Memorias* al final de la monarquía:

“El conde de Romanones llamó a su domicilio al vizconde de Casa Aguilar y (...) le pidió que fuese cuanto antes a Palacio y dijese al rey que sólo quedaba una solución a su juicio: su inmediata salida de España (...). Y

entonces el conde le dictó la nota siguiente: Los sucesos de esta madrugada les hace temer [a los ministros] que la actitud de los republicanos pueda encontrar adhesiones de elementos del Ejército y fuerza pública que se nieguen en momentos de revuelta a emplear las armas contra los perturbadores (...). Para evitarlo podría Su Majestad reunir hoy el Consejo para que cada cual tenga la responsabilidad de sus actos y el mismo reciba la renuncia del Rey para hacer la transmisión de poderes. Así se haría posible, en su día, la pronta vuelta a España del Rey por el clamoroso llamamiento de todos”.

Doc. 2. Discurso de Manuel Azaña en la plaza de toros de Madrid, 29/9/ 1930:

“La República no será el régimen de un partido, es cierto; será régimen nacional, en este sentido: que, respetuosa con los Estatutos regionales que las Cortes sancionen para regular las autonomías locales, amparará con el poder del Estado los derechos de todos. Todos cabemos en la República, a nadie se proscribe por sus ideas; pero la República será republicana, es decir, pensada y gobernada por los republicanos, nuevos o viejos, que todos admiten la doctrina que funda el Estado en la libertad de conciencia, en la igualdad ante la ley, en la discusión libre, en el predominio de la voluntad de la mayoría, libremente expresada. La República será democrática o no será”.

Doc. 3. Constitución de 1931. Título IV. Las Cortes.

Art. 51. La potestad legislativa reside en el pueblo, que la ejerce por medio de las Cortes o Congreso de los Diputados.

Art. 52. El Congreso de los Diputados se compone de los representantes elegidos por sufragio universal, igual, directo y secreto.

Art. 53. Serán elegibles para Diputados todos los ciudadanos de la República mayores de veintitrés años, sin distinción de sexo ni de estado civil, que reúnen las condiciones fijadas por la ley electoral.

Art. 61. El Congreso podrá autorizar al Gobierno para que éste legisle por decreto, acordado en Consejo de Ministros (...). Estas autorizaciones no podrán tener carácter general.

PREGUNTA 4. Elabore una composición histórica a partir de los textos propuestos.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre **la política económica del franquismo**. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las características de la etapa autárquica, a los impulsos que favorecieron la liberalización económica y a los efectos del “desarrollismo”. **(5 puntos)**

Doc. 1. Preámbulo a la ley de creación del I.N.I., 25/9/1941:

“La necesidad de vigorizar nuestra economía, fuertemente afectada por una balanza de pagos tradicionalmente adversa, inspiró la política del Estado de fomento de las industrias de interés nacional (...). Los imperativos de la defensa nacional exigen, por otra parte, la creación de nuevas industrias y la multiplicación de las existentes, que permitan apoyar nuestros valores raciales con el apoyo indispensable de una potente industria (...). Surge, pues, la necesidad de un organismo que, dotado de capacidad económica y personalidad jurídica, pueda dar forma y realización a los grandes programas de resurgimiento industrial de nuestra Nación”.

Doc. 2. El periódico ABC anuncia el Plan de Desarrollo 1964-1967, Madrid, 20/10/1963.

LAS INVERSIONES PÚBLICAS DURANTE EL CUATRIENIO ASCENDERÁN A 335.000 MILLONES DE PESETAS.

Se crearán nuevos puestos de estudio, aumentará la producción agrícola e industrial, mejorarán los transportes, se construirán viviendas, se ampliarán las telecomunicaciones y se intensificará la asistencia social. EL PLAN FAVORECERÁ UN RÁPIDO DESARROLLO REGIONAL.

Objetivos: Aumentar la renta nacional, producir en mejores condiciones, pleno empleo, modificar estructuras, incrementar las inversiones y las exportaciones, promover un mercado competitivo, perfeccionar el sistema financiero, racionalizar la administración e integración en la economía mundial.

Doc. 3. Incrementos de producción de productos metálicos (1960-1973):

Productos	1960 (en miles)	1973 (en miles)	Cambio porcentual
Buques, toneladas métricas botadas	158	1.596	910
Automóviles	40	704	1.660
Neveras	29	950	3.175
Lavadoras	77	850	1.003
Receptores de televisión	39	680	1.643

Fonte: Baklanoff, Eric., *La transformación económica de España y Portugal (la economía del franquismo y del salazarismo)*, Madrid, Espasa-Calpe, 1980, p. 92.

ABAU 2024
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo Gran Armada (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Gran frota organizada polo rei Felipe II para invadir Inglaterra. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -O ataque fracasou e os ingleses desqualificaron a frota denominándoa sarcasticamente “armada invencible”. -A Gran Armada organizouse debido á política anticatólica, o apoio ao corsarismo e aos rebeldes flamengos da raíña Isabel I. -A decisión de retornar a España dando a volta polas illas británicas fixo que unha parte importante da armada fose desfeita polos temporais. Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Estaba integrada por uns 130 navíos que partiron de Lisboa para arribar á canle da Mancha onde embarcarían os Terzos de Flandres. -Estivo comandada por Alonso Pérez de Guzmán, duque de Medina Sidonia. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Antigo Réxime (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ao XVIII. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións

(entre 0,35 e 0,44)	<p>adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Denominación utilizada polos historiadores para referirse á época moderna. - Baseábase nunha economía de base agraria. - Caracterizábase por unha sociedade de carácter estamental. <p>-Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -A monarquía absoluta era a forma predominante de goberno. -A denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de Luís XVI. -Foi o modelo político e socioeconómico que entrou en crise coa Revolución Francesa. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Afrancesados** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta.</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Espanois que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte. -Eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencentes ás elites sociopolíticas e culturais do país. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (entre 0,35 e 0,44)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. -A derrota e retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia. <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <ul style="list-style-type: none"> -O termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición como colaboracionistas cos invasores. -Algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Cantonalismo** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
---------------------------------------	--

Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Insurrección que tivo lugar durante a Primeira República. -O seu obxectivo era implantar unha república federal. -O proceso debía facerse “desde abaixo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía. -O movemento desenrolouse durante o goberno de Pi i Margall, republicano federal moderado. -O movemento provocou a división dos republicanos federais en cantonalistas e moderados ou transixentes, partidarios da reorganización do Estado mediante unhas Cortes constituíntes. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -O movemento tivo lugar entre 1873 e 1874. -O fracaso da política de Pi y Margall provoca a caída do seu goberno e o esmagamento da rebelión polo exército. -Os cantonalistas tamén defendían outras reformas, como a supresión de consumos e quintas ou o reparto da terra. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Sistema de quenda (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Elemento fundamental do sistema político da Restauración baseado na alternancia pacífica no poder dos dous partidos dinásticos, o conservador e o liberal. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Tiña como obxectivo declarado evitar o intervencionismo do exército e os enfrontamentos políticos. -O sistema foi ideado por Antonio Cánovas del Castillo, líder do Partido Conservador e sería posible pola colaboración do líder do Partido Liberal, Práxedes Mateo Sagasta. -A alternancia no poder facíase posible a través da manipulación electoral e

	a actuación dos caciques. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -O sistema iniciouse tras a chegada de Alfonso XII a España en 1875. -A quenda desenvolveuse regularmente entre 1876 e 1898, cando o sistema entrou en crise; sendo maioría os gobernos conservadores. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Directorio Militar** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Primeira etapa da Ditadura de Primo de Rivera. -Caracterizada por un goberno integrado exclusivamente por militares. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Goberno formado tras o golpe de estado de 1923, durante o reinado de Alfonso XIII. -O Directorio militar estaba presidido polo xeneral Miguel Primo de Rivera. -Gobernou por decreto, tras a clausura das Cortes. -Entre os seus principais obxectivos estaba poñer fin a guerra de Marrocos. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O Directorio estaba datado entre 1923 e 1925. -O goberno caracterizouse pola restrición de dereitos e liberdades e a represión do movemento obreiro. -Puxo fin á guerra de Marrocos mediante o desembarco de Alhucemas en 1925. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Fronte Popular** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:

(entre 0,25 e 0,34)	-Coalición política de esquerdas que gaña as eleccións de 1936. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Trátase dunha coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas -Gañaron as eleccións pero o seu goberno foi moi breve, dado que en xullo tivo lugar un golpe de Estado que daría orixe á Guerra Civil. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): - A coalición formouse para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936. - Aspiraban a impulsar as reformas emprendidas no Bienio Reformista -O seu programa avogaba pola amnistía aos represariados da revolución de 1934. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Sindicato Vertical (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe. -Integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -A súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase. -A súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical. -Inspirouse nos réximes fascistas europeos. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): - A súa afiliación era obrigatoria. -Oficialmente denominada Organización Sindical Española. -Creouse en 1940, pola Lei de Unidade Sindical. -Disolveuse na transición, durante o goberno de Adolfo Suárez. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: A configuración do imperio español no século XVI (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A herdanza de Carlos I: territorios herdados pola súa nai, Xoana (coroas de Castela e Aragón e as súas posesións) e polo seu pai, Filipe (territorios das Casas de Borgoña e de Austria e dereitos imperiais). -O fin do reinado e o reparto de posesións: abdicación no seu fillo Filipe e cesións ao seu irmán Fernando. -O imperio de Filipe II: a incorporación de Portugal e as súas posesións á coroa de Castela. -A rebelión de Flandres. O apoio inglés aos rebeldes e a guerra contra Inglaterra. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Tema a desenvolver: A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A crise demográfica e económica: principais evidencias e causas explicativas. -Obxectivos do programa político de Olivares e principais reformas

	<p>propostas: a Unión de Armas. -A crise da monarquía (revolta de Cataluña e rebelión de Portugal). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.</p>
<p>Notable (entre 2,1 e 2,6)</p>	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.</p>
<p>Sobresaliente (entre 2,7 e 3)</p>	<p>Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Tema a desenvolver: Os decretos de Nova Planta e os seus efectos (ata 3 puntos)

<p>Moi deficiente (0)</p>	<p>Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta.</p>
<p>Deficiente (entre 0,1 e 1)</p>	<p>Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
<p>Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)</p>	<p>Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.</p>
<p>Aprobado (entre 1,5 e 2)</p>	<p>Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Conxunto de decretos que suprimiron o réxime foral da Coroa de Aragón, as súas institucións e leis propias. -Foi unha reforma auspiciada polo monarca Filipe V. -O seu obxectivo era lograr maior grado de centralización territorial, seguindo o modelo francés. -Xustificouse polo apoio prestado polos aragoneses a Carlos de Austria durante a guerra de Sucesión. -Aplicouse en paralelo ao dominio efectivo dos diferentes reinos da Coroa. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
<p>Notable (entre 2,1 e 2,6)</p>	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.</p>
<p>Sobresaliente (entre 2,7 e 3)</p>	<p>Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Tema a desenvolver: O reformismo borbónico en Galicia (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A importancia estratéxica de Galicia no s. XVIII desde o punto de vista militar e comercial. -A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar. -A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns. -As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servizo de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: A restauración de Fernando VII (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco A resposta é unha paráfrase dos documentos A resposta contén xeneralidades sobre a época
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: básica e expresión demasiado simple.

<p>Aprobado (entre 2,5 e 3,4)</p>	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto: -Referencia básica ás etapas políticas do reinado de Fernando VII e a algunhas das súas características: -O Sexenio Absolutista: o regreso de Fernando VII despois da vitoria fronte a Francia e o restablecemento do absolutismo abolindo a obra das Cortes de Cádiz. -O Trienio Liberal: o triunfo dun pronunciamento liberal en 1820 e o establecemento dun goberno desta ideoloxía durante tres anos. -A Década Ominosa: o restablecemento do absolutismo logo da intervención dos Cen Mil Fillos de San Luís. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto.</p>
<p>Notable (entre 3,5 e 4,4)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións): -Explicar os factores que favoreceron o restablecemento do absolutismo por parte de Fernando VII ao seu regreso a España. -Comentar o recurso ao pronunciamento por parte dos liberais para forzar o rei a cambiar o sistema político. -Explicar os factores que permitiron a volta do absolutismo en 1823 (intervención da Santa Alianza). Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións) -Utilízase o doc. 1 para subliñar a persecución aos liberais que seguiu á volta de Fernando VII a España. -Úsase o doc. 2 para: incidir no papel xogado polos militares, e particularmente o coronel Riego, para poñer fin ao Sexenio Absolutista//incidir nalgunhas das súas consecuencias, como a xura da Constitución polo rei -Utilízase o doc. 3 para subliñar a política de retorno ao absolutismo e á orde tradicional, provocada pola intervención francesa en España. Redacción: correcta e texto coherente</p>
<p>Sobresaliente (entre 4,5 e 5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións): -Facer referencia á defensa do absolutismo realizada por algúns dos deputados presentes nas Cortes de Cádiz. -Mencionar outros pronunciamentos errados anteriores ao de Riego. -Incidir no contexto internacional favorable ao absolutismo a raíz do Congreso de Viena. -Abordar a problemática sucesoria: as súas causas e consecuencias. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións): -Incidir no restablecemento das institucións propias do antigo réxime, como a Inquisición, que tivo lugar durante o Sexenio Absolutista usando o doc. 1. -Emprégase o contido do doc. 2 para facer referencia á concesión dunha amnistía. -Úsase o doc. 3 para: incidir no argumento de que o rei estaba “cativo” durante o Trienio Liberal//ou referir a ideoloxía absolutista da fonte, que argumenta que os liberais son “unha minguada facción de españois”. Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O</p>

	texto está ben articulado e argumentado.
--	--

Composición histórica: O establecemento da II República (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco A resposta contén xeneralidades sobre a época A resposta é unha paráfrase dos documentos
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: básica e expresión demasiado simple.
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto. -Referencia básica ó contexto no cal se implantou a República (eleccións municipais de 1931 e abandono de Afonso XIII). -Explicación do proceso que levou á convocatoria de eleccións constituíntes e o triunfo dos partidos de esquerdas. -Sinalar as características esenciais da Constitución de 1931. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.
Notable (entre 3,5 e 4,4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións): -Composición do goberno provisional presidido por Niceto Alcalá-Zamora. -Referencia aos principais partidos da época, á súa ideoloxía ou os seus dirixentes. -Sinalar os principais obxectivos do goberno republicano. -Afondar nas características da Constitución de 1931. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións): -Sinalar os factores que levaron ao abandono de España polo rei, tralo recoñecemento da derrota da monarquía nas urnas utilizando o doc. 1. -Empregar o contido do doc. 2 para insistir no carácter democrático do sistema republicano que se pretendía implantar. -Relacionar de xeito explícito algunha das características da Constitución de 1931 cos artigos recollidos no doc. 3. Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións): -Mencionar o Pacto de San Sebastián como paso previo á implantación da república. -Referir o problema territorial e as medidas postas en marcha polo goberno republicano para facerlle fronte. -Establecer algunha relación entre os principios da Constitución e as futuras

	<p>reformas das Cortes constituíntes.</p> <p>-Afondar na ideoloxía dos principais partidos da época.</p> <p>-Facer unha valoración xeral do período analizado e breve referencia á situación posterior.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):</p> <p>-Incidir na conveniencia de que a renuncia ao poder por parte do rei se faga de xeito formal (doc. 1).</p> <p>-Destacar a data do doc. 2 e relacionala co Pacto de San Sebastián dentro do contexto de busca dunha alternativa á monarquía ou ben dun goberno provisional da futura república. Pódese incidir tamén na cuestión territorial empregando o contido do doc. 2.</p> <p>-Referenciar o art. 61 para incidir no predominio do Congreso sobre o goberno//ou no recurso excepcional ao Decreto Lei.</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
--	--

Composición histórica: A política económica do franquismo (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:</p> <p>-Explicar os obxectivos da autarquía (autoabastecemento nacional, intervencionismo do Estado) e as súas consecuencias (escaseza de produtos básicos e o seu encarecemento).</p> <p>-Incidir no “desarrollismo” dos anos 60: a liberalización económica, os seus obxectivos e as liñas mestras do programa.</p> <p>-Mencionar algunhas das principais consecuencias da devandita política económica.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)</p> <p>-Referir as outras etapas da política económica franquista e os seus trazos esenciais: a liberalización económica dos anos 50 e a crise económica sufrida a partir de 1973.</p>

	<p>-Afondar nos factores que influíron no crecemento económico dos anos 60 (plans de desenvolvemento, turismo, emigración, investimento estranxeiro...).</p> <p>-Facer un balance dos efectos económicos do “desarrollismo”.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):</p> <p>-Utilizar o doc. 1 para subliñar o intervencionismo e proteccionismo estatal e o fomento da industria propios da etapa autárquica.</p> <p>-Usar o doc. 2 para incidir nos obxectivos dos Plans de Desenvolvemento.</p> <p>-Empregar datos concretos da táboa do doc. 3 para xustificar o aumento do nivel adquisitivo/do nivel de vida da poboación española nos anos 60.</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
<p>Sobresaliente (entre 4,5 e 5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <p>-Afondar na relación existente entre a evolución económica e a política franquista (illamento dos anos 40, recoñecemento do réxime no contexto da Guerra Fría –Pacto de Madrid-, goberno dos tecnócratas, problemas do tardofranquismo).</p> <p>-Facer referencias explícitas a varias das medidas concretas desenvolvidas en cada etapa (p. Ex. Plan de saneamento da economía, Lei de Protección e Fomento da Industria Nacional, creación do INC, ingreso no FMI, creación dos Polos de Desenvolvemento Industrial e dos Polos de Promoción Industrial...).</p> <p>-Comentar os efectos sociais, demográficos, culturais, ecolóxicos... do “milagre español”.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):</p> <p>-Sinalar os obxectivos políticos e militares que impulsaron a política industrial da etapa autárquica utilizando o doc. 1.</p> <p>-Incidir nos importantes investimentos públicos necesarios para a posta en marcha dos Plans de Desenvolvemento usando o doc. 2//ou relacionar de xeito concreto partes do doc. 2 para valorar os efectos de ditos Plans.</p> <p>-Afondar nalgúns datos que figuran na táboa incidindo na diferenza entre a situación de partida fronte á realidade dos anos 70.</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>

